

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRÁMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DENOMINADO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo promovido polo concello de Ames denominado “ **COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña**”, tendo o contrato a cualificación de contrato administrativo de servizo tal e como establece o artigo 10 do Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP en adiante).

1.1.- Obxectivos do contrato.

A descrición e especificacións establécense no prego de cláusulas técnicas, incorporadas a este prego como parte integrante deste. O servizo axustarase ás condicións establecidas neste prego e no de prescricións técnicas.

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, prevalecerá o primeiro.

1.2.- Codificación do obxecto do contrato

O código que corresponde ao contrato dentro da nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos (CPV) son os seguintes: 751300000-6 servizos de apoio aos poderes públicos.

1.3.- Delimitación do contrato

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP, este contrato non está suxeito á regulación harmonizada, de acordo co que dispón o art. 16 da TRLCSP.

1.4. - Órgano de contratación

O órgano de contratación é a Alcaldía do Concello, en virtude do disposto na disposición adicional segunda da TRLCSP, tendo delegada a competencia na Xunta de Goberno Local segundo establece a Resolución da alcaldía 751/2011, e se difundirá a través de Internet o seu perfil de contratante no que poderá engadir calquera dato e información referente á súa actividade contractual que se mencionan no artigo 53 da TRLCSP.

1.5. - Forma de adxudicación

O contrato adxudicarase polo sistema de concurso por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157

do TRLCSP

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta económica máis vantaxosa se atenderá a varios criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato de conformidade do artigo 150.1 do TRLCSP

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

1.6. - Normativa aplicable ó contrato

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato administrativo, ademais das súas prescricións, será a seguinte:

- Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares e a normativa sectorial específica á que estes se remitan por razón da materia en cada caso.
- O Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RGLCAP)
- A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.
- Os acordos e as resolucións sobre o réxime de atribución de competencias, as bases de execución do orzamento municipal e as ordenanzas e os regulamentos da corporación.
- A Lei estatal 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAPPAC), as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprrobe no marco que establece aquela.
- En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado

2.- ORZAMENTO, FINANCIACIÓN E TIPO DE LICITACIÓN

Aos efectos do indicado no artigo 88 do TRLCSP, o valor estimado do contrato fíxase de acordo cos datos obrantes no Concello durante os anos 2009 a 2012, que deben considerarse tendo en conta que os plans inspectores aprobados foron os correspondentes aos exercicios 2009 e 2010, sendo este o derradeiro aprobado), que se concretan en:

exercicio	Inspección voluntaria	ICIO recadada en	Inspección executiva	ICIO recadada en
2009	189.737,38 €		608,32 €	
2010	52.470,76 €		90.927,63 €	
2011	215.100,19 €		197.512,94 €	
2012	121.423,42 €		50.233,92 €	
TOTAL	578.731,75 €		339.282,81 €	

Suma total dos catro últimos anos: 918.014,56 €

Tendo en conta eses importes, aplicámoslle o tipo máximo de licitación establecidos no prego, obtendo os seguintes resultado:

Inspección dos últimos catro anos: $918.014,56 \times 30\% = 275.404,37$ €

Total = 275.404,37 € para os 4 exercicios.

Para a colaboración o resto da materia obxecto do contrato: 79.900 €/ ano sen IVE, para 4 exercicios ascendería a 319.600,00 €

Polo que o valor estimado ascendería a 595.004,37 € O presuposto máximo do contrato queda fixado en 719.955,29 euros (ive do 21 %).

O gasto derivado deste contrato resulta imputable á aplicación 932/227.08 do vixente orzamento para o exercicio 2014, prorrogado do 2012. Incorpórase documento substitutivo do certificado de existencia de crédito.

Para os exercicios 2015 e seguintes o Concello comprometéndose a asignar anualmente, durante a vixencia do contrato, o importe do gasto estimado para unha anualidade e a declarar ampliable a aplicación orzamentaria de imputación financiándose con cargo aos maiores ingresos dos previstos por inspección.

Os tipos máximo de licitación do contrato establécense en función dos seguintes parámetros:

a) servizo de colaboración na inspección 30% da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza (sen IVE).

Definicións e aclaracións:

1.- Por débeda descuberta entendese a totalidade das obrigas tributarias principais liquidadas ao contribuínte, con inclusión dos xuros de demora pola regularización dos atrasos e do importe da sanción que se lle impoña no correspondente procedemento separado e excluídos os recargos, xuros e costas do procedemento de prema. Esta obriga tributaria principal liquidada terá o seu orixe na instrución dos expedientes de inspección, comprobación e investigación, e sancionadores derivados da execución deste contrato

2.- Por débeda descuberta ingresada entendese a cantidade ingresada efectivamente na tesourería municipal, aínda que este ingreso se producise posteriormente á finalización do período voluntario de pago, e incluso con posterioridade á finalización do contrato, sempre que as actuacións correspondentes ao procedemento de inspección realizaranse dentro do prazo de execución do contrato. No importe de débeda descuberta e ingresada non se incluírán as recargas do período executivo, nin os xuros que se devenguen en dito período executivo, nin as costas do procedemento.

3.- Para que se devengue a remuneración a favor do contratista no caso de liquidacións aprobadas e ingresadas, derivadas da instrución dos expedientes de inspección, comprobación e investigación, e sancionadores derivados da execución deste contrato, que non tivesen adquirido firmeza por seren recorridas en vía administrativa ou xudicial, será preciso que se teña producido a resolución dos recursos.

4.- Sen prexuízo do anterior, admítase a posibilidade de que o adxudicatario poida percibir os importes correspondentes por importes recadados de liquidacións que non teñan adquirida a firmeza (caso de que as liquidacións foran obxecto de recurso administrativo ou xudicial) a conta da liquidación do contrato. Neste caso, terá que presentar a correspondente factura e avalar o importe pagado pola administración. Se dito recurso fose estimado total o parcialmente, anulando o reducindo o importe da liquidación, o contratista procederá á devolución do importe cobrado en exceso pola colaboración en ditas liquidacións ou á solicitude de compensación se esta fose posible, no prazo de 60 días contados dende que lle sexa notificada a resolución correspondente. Transcorrido ese prazo procederase a executar o aval polo importe cobrado en exceso.

b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: 79.900 €/ ano sen IVE

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será de DOUS anos dende a data da súa sinatura, prorrogable por mutuo acordo expreso das partes antes da finalización daquel por períodos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poda exceder de catro anos.

Se a data de vencemento da vixencia do contrato ou das súas prórrogas, coincidise dentro do período de recadación de pagamento voluntario de tributos de notificación periódica e colectiva, entenderase automaticamente prorrogado o presente contrato ata o día de vencemento de dito período, na totalidade das súas cláusulas e estipulacións.

Unha vez finalizada a execución do contrato e o prazo de garantía, se procederá á constatación do cumprimento satisfactorio do contrato mediante a redacción dun acta formal de conformidade.

4.- REVISIÓN DE PREZOS

Neste contrato non haberá revisión de prezos.

5.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se esixe

6.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. (para o cálculo terase en conta os prezos ofertados. No caso da inspección, ao ser unha porcentaxe aplicarase sobre o importe estimado de débeda descuberta por esta vía, ingresada e firme nos últimos catro anos 918.014,56 €. Para o resto do obxecto do contrato multiplicarase o prezo referido a un ano por catro anos.)

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas

caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban ter efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, levado a cabo na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento do TRLCSP, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

7.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR E SOLVENCIA

Poden concorrer, por si ou por medio de representante, as persoas físicas ou xurídicas españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar acreditada segundo establece o artigo 72 do TRLCSP e non estean incursas en prohibicións de contratar tal e como se enumera no artigo 60 do TRLCSP mediante a expedición da documentación que establece o artigo 73 do TRLCSP.

Ademais deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica segundo establece o TRLCSP.

Acreditación de solvencia do empresario:

En concreto a solvencia xustificarse a través dos seguintes medios:

a) solvencia económica, financeira

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse polo seguinte medio

a) Mediante unha declaración sobre o volume global de negocios referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida na que se dispoña das referencias de dito volume de negocios. Reputarase solvente o licitador que declare unha cifra de negocios global igual ou superior ao presuposto anual de licitación multiplicado por 1,5.

b) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por un capital equivalente ao de presuposto de licitación. Aportarase copia da póliza do seguro e xustificante do pagamento desta. Cífrase o importe mínimo deste seguro na cantidade de 300.506 euros (TRESCENTOS MIL CINCOCENTOS SEIS EUROS)

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase no momento oportuno mediante a aportación dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das administracións públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflexado en dito rexistro e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

b) solvencia técnica ou profesional:

Experiencia da empresa ofertante no exercicio directo de servizos de colaboración á xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria municipal en período voluntario, así como experiencia en servizos de colaboración na xestión en materia catastral. Para acreditar esta experiencia presentará relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, relacionados directamente co obxecto do contrato, indicando nome do municipio, datas, importe dos contratos, descrición do obxecto do contrato, sendo necesario que se trate de municipios de poboación cada un deles superior a 20.000 habitantes. Non serán seleccionadas aquelas empresas que non acrediten a prestación dos servizos relacionados co obxecto do contrato durante os tres últimos anos. A experiencia acreditarase mediante a presentación dos correspondentes certificados ou documentación acreditativa das Administracións nas que exercitaron tales servizos, con indicación expresa de execución dos servizos con plena satisfacción (os certificados teñen que contemplar a totalidade do obxecto do contrato que se está a licitar, individualmente ou por acumulación dos obxectos contratados que se certifiquen)

Relación dos servizos efectuados nos últimos tres anos, acompañados de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do empresario			
Nome do municipio	Importe dos contratos	Data de finalización da execución (dia/mes/ano)	Descrición do obxecto do contrato

8. -ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

8.1.- O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP)

8.2.- Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet por medio da páxina web: www.concellodeames.org

9. -PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC) dentro do prazo de quince días naturais que empezarán desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP (art. 159 do TRLCSP), de nove a catorce horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos nos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e

anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.929) no mesmo día. Consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

No caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no art. 161.4 da TRLCSP.

10.- PROPOSICIÓNS, DOCUMENTACIÓN:

As proposicións para tomar parte na licitación se presentarán en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar na denominación do sobre a lenda «Proposición para licitar á contratación do servizo denominado **COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña** ». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Proposición técnica e económica cuantificable obxectivamente

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

10.1. -Sobre A: subtítulo "Documentación administrativa"

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: "Documentación xeral para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do servizo denominado **COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña** " por.....(nome ou denominación social, domicilio e teléfono)".

Dito sobre conterá unha **Declaración responsable, consonte ao Anexo II** subscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

Presentará ademais o compromiso de que se adscriben a este servizo os suficientes medios persoais ou materiais. A estes efectos os licitadores deberán concretar nese compromiso os medios materiais e persoais que se adscribirán ó contrato, de conformidade co disposto no artigo 64 do TRLCSP. Estes compromisos, que se engadirán no contrato, terán carácter de obrigas esenciais aos efectos previstos no artigo 223.f) establecéndose as penalidades, conforme ao sinalado no artigo 212.1 para o caso de que se incumpran polo adxudicatario.

En concreto, as empresas concretarán o seguinte:

- *MEDIOS PERSOAIS:*
 - a) Para o servizo de inspección, indicárase a porcentaxe da xornada que adicarán a esta actividade, en computo mensual, o persoal técnico e administrativo que preste este servizo.
 - b) Compromiso de designar un delegado responsable nomeado pola empresa, engadindo unha relación de méritos que poña de manifesto a súa idoneidade pola experiencia na prestación de servizos con idénticas características ás do contrato, indicando a súa titulación académica e profesional.
- *MEDIOS MATERIAIS:*

Relación das características das ferramentas software e hardware, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ao servizo, axeitadas ás súas características segundo as necesidades recollidas nos pregos.

Nesta fase da licitación, verificarse polos técnicos municipais o perfecto funcionamento do conxunto de aplicacións para a plena execución do contrato, a efectos de acreditación da suficiencia dos medios materiais.

De acordo co artigo 146.4 e 151.2 do TRLCSP, a documentación que se declara segundo o anexo II deberá achegarse **UNICAMENTE** polo licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, debendo acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que se sinala na cláusula.

10.2- sobre B subtítulo "Proposición técnica e económica cuantificable obxectivamente "

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador, figurará "Proposición técnica e económica cuantificable obxectivamente para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do servizo denominado "COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña", presentada por..... (nome ou denominación social, domicilio e teléfono).

Conterá a oferta técnica e económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do imposto sobre o valor engadido

Proposición Económica, redactada consonte ao modelo que se inserta a continuación:

“Don [../...] con D.N.I. Núm. [../...], maior de idade e con domicilio en [../...] R/ [../...]. Teléfono [../...] actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), manifesta que, enterado do anuncio publicado no....., de data [../...] coñecedor e conforme con todos os requisitos e condicións que se esixen para adxudicar o contrato “**COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña**” así como co Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación e na representación que ostenta, comprométese:

1º. Que ofrece o seguinte prezo:

a) **servizo de colaboración na inspección _____ (sen IVE) da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza.**

Definicións e aclaracións:

1.- Por débeda descuberta enténdese a totalidade das obrigas tributarias principais liquidadas ao contribuínte, con inclusión dos xuros de demora pola regularización dos atrasos e do importe da sanción que se lle impoña no correspondente procedemento separado e excluídos os recargos, xuros e costas do procedemento de prema. Esta obriga tributaria principal liquidada terá o seu orixe na instrución dos expedientes de inspección, comprobación e investigación, e sancionadores derivados da execución deste contrato

2.- Por débeda descuberta ingresada enténdese a cantidade ingresada efectivamente na tesourería municipal, aínda que este ingreso se produciise posteriormente á finalización do período voluntario de pago, e incluso con posterioridade á finalización do contrato, sempre que as actuacións correspondentes ao procedemento de inspección realizaranse dentro do prazo de execución do contrato. No importe de débeda descuberta e ingresada non se incluírán as recargas do período executivo, nin os xuros que se devenguen en dito período executivo, nin as costas do procedemento.

3.- Para que se devengue a remuneración a favor do contratista no caso de liquidacións aprobadas e ingresadas, derivadas da instrución dos expedientes de inspección, comprobación e investigación, e sancionadores derivados da execución deste contrato, que non tivesen adquirido firmeza por seren recorridas en vía administrativa ou xudicial, será preciso que se teña producido a resolución dos recursos.

b) **Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: _____ €/ ano (sen IVE)**

2º. Mais persoal presencial na/s oficina/s para prestar o servizo de asistencia e colaboración ás funcións de xestión tributaria, censual e recadatoria, así como de xestión e mantemento catastral

_____ (nº de medias xornadas ofertadas) de persoal técnico (5 puntos cada media xornada)

_____ (nº de medias xornadas ofertadas) de persoal para tarefas administrativas (1 punto cada media xornada)

(as ofertas de persoal a xornada completa puntúan como 2 medias xornadas)

3º.- Oferta as seguintes melloras:

Compromiso a prestar asistencia letrada en xuízo, mediante defensa e representación, por recursos derivados de expedientes tramitados neste contrato, sen límite temporal en canto a súa sustanciación, isto é con independencia de que a duración de execución do contrato teña rematado

Asesoramento gratuito un ano dende a data de finalización do contrato ao departamento de tesourería.

(marca cunha cruz as que se ofrezcan)

3.- Que coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas aprobados polo Concello, e os seus respectivos anexos que van rexer este contrato, e o resto de documentación contractual, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen ningunha salvedade.

Lugar, data, sinatura e selo”

11.- DOCUMENTOS:

11.1.- Orixinais e copias

Os documentos que se acheguen ás proposicións deberán ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario do Concello de Ames ou persoal en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

11.2.- Devolución da documentación

A documentación presentada será devolta aos licitadores que non resulten adxudicatarios en caso de que esta sexa solicitada.

12.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E ADXUDICACIÓN

Para a cualificación dos documentos e exame e valoración das ofertas se reunirá a mesa de contratación.

A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A súa composición publicárase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a calificación da documentación.

De ser o caso, o órgano de contratación quedará facultado para solicitar o asesoramento dun ou varios expertos especializados na materia obxecto do contrato composta polos seguintes membros:

A Mesa de Contratación cualificará previamente a documentación (SOBRE «A») a que se refire o artigo 146 do TRLCSP.

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación administrativa presentada, outorgará un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores corríxanos ou emenden ante a propia mesa de contratación.

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo de quince días contado desde a data de finalización do prazo para presentar ofertas. Tendo en conta que neste procedemento non se valoran criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor, procederase directamente a apertura do sobre que contén a documentación "**Proposición técnica e económica cuantificable obxectivamente**" (SOBRE «B»), o que se fará nun acto público.

13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

De acordo coa proposta feita polo departamento de Tesourería do Concello de Ames son os seguintes:

CRITERIOS OBXECTIVOS CUANTIFICABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS (Sobre B: Proposición técnica e económica cuantificable obxectivamente)

Criterio nº 1: Menor prezo ofertado, terá dúas compoñentes:

a) menor porcentaxe ofertada no servizo de colaboración na inspección a aplicar sobre a débeda descuberta por esta vía, ingresada e firme Ata 65 puntos que se asignarán a proposta máis favorable e en proporción simple ao resto, en atención ás baixas ofertadas.

Fórmula matemática:

P_1 : prezo oferta 1

P_2 : prezo oferta 2

....

P_i : prezo oferta i

Mellor prezo ofertado= Mínimo (P_1, P_2, \dots, P_i)

A= tipo máximo de licitación - Mellor prezo ofertado

$a_{1=}$ tipo máximo de licitación- P_1

$a_{2=}$ tipo máximo de licitación- P_2

.....

$a_{i=}$ tipo máximo de licitación- P_i

(o tipo máximo de licitación é 30%)

Puntuación licitador $i = (a_i \cdot \text{puntuación máxima}) / A$

Se o mellor prezo ofertado fose o orzamento máximo do contrato, entón a puntuación de todos os licitadores sería “a máxima puntuación”.

b) menor prezo ofertado para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato Ata 21 puntos que se asignarán a proposta máis favorable e en proporción simple ao resto, en atención ás baixas ofertadas.

Fórmula matemática:

P_1 : prezo oferta 1

P_2 : prezo oferta 2

....

P_i : prezo oferta i

Mellor prezo ofertado= Mínimo (P_1, P_2, \dots, P_i)

A= tipo máximo de licitación - Mellor prezo ofertado

$a_{1=}$ tipo máximo de licitación- P_1

$a_{2=}$ tipo máximo de licitación- P_2

.....

$a_{i=}$ tipo máximo de licitación- P_i

(o tipo máximo de licitación é 79.900 €)

Puntuación licitador $i = (a_i \cdot \text{puntuación máxima}) / A$

Se o mellor prezo ofertado fose o orzamento máximo do contrato, entón a puntuación de todos os licitadores sería “a máxima puntuación”.

Criterio nº 2: Mais persoal presencial na/s oficina/s para prestar o servizo de asistencia e colaboración ás funcións de xestión tributaria, censual e recadatoria, así como de xestión e mantemento catastral Ata 10 puntos, 1 punto por cada media xornada de persoal para tarefas administrativas e 5 puntos por cada media xornada de persoal técnico, (as ofertas de persoal a xornada completa puntúan como 2 medias xornadas)

Melloras admisibles:

1.- Compromiso a prestar asistencia letrada en xuízo, mediante defensa e representación, por recursos derivados de expedientes tramitados neste contrato, sen límite temporal en canto a súa sustanciación, esto é con independencia de que a duración de execución do contrato teña rematado, 3 puntos.

2.- Asesoramento gratuíto un ano dende a data de finalización do contrato ao departamento de tesourería, 1 puntos.

14.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

A) Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as devanditas ofertas. A xustificación realizada polos licitadores remitirase aos servizos técnicos a fin de que se emita o correspondente informe.

B) Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormais as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Nº de ofertas: 1.

A oferta é temeraria se é inferior en mais dun 25% aos tipos máximos de licitación indicados para algún dos criterios que definen o prezo. [a) servizo de colaboración na inspección 30% da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza (sen IVE) e b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato:79.900 €/ ano sen IVE]

- Nº de ofertas: 2.

Unha das ofertas é temeraria se é inferior a outra en mais dun 20% para algún dos criterios que definen o prezo.

- Nº de ofertas: 3.

Consideraranse ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en mais dun 10% de dita media para algún dos criterios que definen o prezo. Con todo excluírase para o cómputo da media, a oferta mais elevada para algún dos criterios que definen o prezo, cando sexa superior á media de todas para ese criterio en mais dun 10% dela. En calquera caso, considéranse temerarias todas as ofertas inferiores en mais dun 25% aos tipos máximos de licitación indicados para algún dos criterios que definen o prezo .

- Nº de ofertas: 4.

Considéranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores para algún dos criterios que definen o prezo á media das ofertas presentadas en mais dun 10% de dita media . Non obstante se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esas medias en mais dun 10% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o numero das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

As proposicións poderán incorrer en presunción de temeridade tanto pola oferta formulada ao respecto do servizo de inspección, como pola efectuada ao respecto da colaboración no resto da materia obxecto do contrato.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal en calquera dos dous criterios que definen o prezo, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións; en particular no referido ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado. No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

A efectos do establecido no artigo 85.6 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para a valoración como desproporcionadas das ofertas presuntamente temerarias, por aplicación dos anteriores criterios, a mesa de contratación considerará a relación entre a solvencia económica e financeira da empresa e a oferta presentada, sempre e cando o seu volume anual medio de negocios nos últimos tres exercicios sexa, cando menos, superior en dez veces á anualidade do contrato, neste caso, dez veces o importe de 148.751,09 € e por tanto 1.487.510,90. As ofertas consideradas inicialmente incursas en presunción de temeridade.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode cumprirse como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa (de acordo coa orde en que fosen clasificadas) que se estime pode ser cumprida a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada

—

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores discapacitados (non inferior ó 2%), ou aquelas empresas adicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, de acordo co establecido na Disposición Adicional 4º do TRLCSP.

15.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

1. O órgano de contratación conforme ó artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decreciente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cuantos informes técnicos estime pertinentes.

2. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en orixinal ou copia compulsada, do declarado previamente, e outra documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos.

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa, debidamente compulsada.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso debidamente compulsada, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas estranxeiras

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata

dun contrato de obras.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Verificación de poderes

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo,

"D/D^a.....
con DNI..... e domicilio
en..... actuando en
nome e representación da empresa.....
con domicilio en..... e CIF..... á que
representa no procedemento de adxudicación do contrato
denominado "....." (ou actuando en
nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

D) Acreditación da clasificación

Non se esixe

E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán

E.1. - Acreditar a solvencia económica e financeira polos medios que que establece a cláusula 7 deste prego

E.2. - Acreditar a solvencia técnica polos medios que que establece a cláusula 7 deste prego

F) Datos identificativos do licitador

Enderezo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta, dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

G) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

H) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

I) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación

Axustarase ao seguinte modelo:

"D/Dª..... con residencia enprovincia derúa nºsegundo DNIen nome propio (ou da empresaá que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado ".....")

AUTORIZA

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

J) Confidencialidade.

Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben de ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas

3. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

4. A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarse, ao mesmo tempo, no perfil do contratante.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer conforme ó artigo 40 do TRLCSP un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- b) Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación se fará de acordo co artigo 151 do TRLCSP por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións.

16.- PUBLICACIÓN DA FORMALIZACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá a publicidade prevista no artigo 154 do TRLCSP e formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, e no mais tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no

TRLCSP.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que no seu caso se tivera esixido.

Serán de conta do adxudicatario ou adxudicatarios, se é o caso, os gastos derivados da formalización do contrato, incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes ou gastos que orixine a adxudicación.

Sen o requisito da formalización non se tramitará ningunha certificación de aboamento ao contratista, nin poderá iniciarse a execución do contrato, agás nos expedientes de contratación declarados de urxencia, cuxa execución poderá iniciarse, logo da constitución da garantía definitiva, segundo o previsto no art.112 da TRLCSP.

No suposto de que o contratista opte por formalizar o contrato en documento público notarial, correrán da súa conta todos os gastos que orixine tal formalización.

O documento de formalización do contrato, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, terá natureza contractual.

17.- PRAZO DE GARANTÍA

Á finalización dos traballos queda establecido un período de garantía de **un ano** durante o cal o Concello poderá requirir á empresa adxudicataria ós efectos de aclarar cantos extremos se precisen acerca dos traballos realizados.

18.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente.

Así mesmo deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

19.- RESPONSABLE DO CONTRATO

19.1. -Nomeamento Noméase conforme ó artigo 52 do TRLCSP como responsable do contrato a/o Tesoureiro/a municipal do concello de Ames ou persoa que a substitúa, á que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

19.2. - Facultades do responsable do contrato. -

O responsable do contrato poderá dirixir instrucións ao contratista, inspeccionar e ser informado, cando o solicite, sobre o proceso de execución do contrato.

No caso de que considerase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, daranse ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados constando o prazo para emendalas e as observacións que se consideren oportunas.

Se existise unha reclamación do contratista respecto das observacións formuladas polo responsable do contrato, este remitiraa, xunto co seu informe, ao órgano de contratación que resolverá sobre o particular.

20.- LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL

20.1. - O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

20.2. - Obrigas laborais e sociais. - O adxudicatario contará co persoal necesario para

a execución do contrato. O devandito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo o Concello de Ames contratante alleo ás devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, a substituír o persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

21.- FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

22.- RESPONSABILIDADE. DANOS

22.1. - O contrato executarase con sometemento ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica do servizo prestado, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

22.2. - A empresa adxudicataria deberá subscribir e ter vixente durante toda a vida do contrato un seguro de responsabilidade civil xeneral por importe de 300.506,00 euros mínimo. A formalización do devandito seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, pola súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro de ano seguinte á produción do feito, ó órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia da mala execución do contrato.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

23.- FORMA DE PAGAMENTO

O contratista terá dereito ao abono, conforme aos prezos contratados, da prestación realmente executada. O importe da prestación realizada, acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de estimarse precisa xustifique a realización total ou parcial do contrato.

Cando na recepción dos traballos, o responsable do contrato advirta defectos no

traballo realizado poderá recusar os que estime non satisfactorios. A recusación farase por escrito motivado e o contratista terá dereito a reclamar ante a administración no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao de notificación, cursada polo responsable do contrato.

O responsable do contrato, a vista dos traballos executados e dos prezos contratados, conformará, cando corresponda, a factura.

No suposto de que pola Administración se observen erros ou defectos na factura presentada e se requira a súa rectificación, os prazos interrumpiránse ata o momento en que sexan subsanados os erros ou defectos.

A efectos de que o contratista conte coa información necesaria para a facturación correspondente, a Tesoureira municipal ou persoa que a substitúa remitirá a empresa adxudicataria información periodicamente sobre os ingresos efectuados en vía de prema correspondentes a expedientes de inspección que adquirisen firmeza por transcurso do prazo para recurrilas en vía administrativa ou na xurisdición contenciosa-administrativa sen que se presentasen tal recurso ou porque se teña producido a resolución dos recursos.

Admítese a posibilidade de que o adxudicatario poida percibir os importes correspondentes por importes recadados de liquidacións que non teñan adquirida a firmeza (caso de que as liquidacións foran obxecto de recurso administrativo ou xudicial) pero terá que presentar a correspondente factura e avalar o importe pagado pola administración. Se dito recurso fose estimado total o parcialmente, anulando o reducindo o importe da liquidación, o contratista procederá á devolución do importe cobrado en exceso pola colaboración en ditas liquidacións ou á solicitude de compensación se esta fose posible, no prazo de 60 días contados dende que lle sexa notificada a resolución correspondente. Transcorrido ese prazo procederase a executar o aval polo importe cobrado en exceso.

O obxecto do aval, para o cobro da factura indicada no paragrafo anterior, será o previsto na 12 dos pregos de condicións técnicas que rixen este contrato.

24.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO

24.1. - Dereito ao aboamento do prezo do contrato. O dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo de 30 días que contarán desde a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato de servizos prestados. O prazo para prestar a conformidade será de 30 días.

24.2. - Se a Administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo de 30 días a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do dito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e no art. 216.4 da TRLCSP.

Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente no Rexistro Xeral.

24.3. - Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

24.4. - Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito

meses.

24.5. -Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 da TRLCSP.

25.- DEBERES E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Serán deberes e obrigas do adxudicatario do servizo as seguintes:

1º.- Exercer a actividade de colaboración prevista neste Prego, así como gardar e custodiar baixo a súa exclusiva responsabilidade os documento e valores que, expedidos polo adxudicatario e comprobados polos funcionarios do Servizo Municipal de Recadación, se lle encomenden para que leve a cabo dita actividade de colaboración.

A empresa adxudicataria non poderá realizar ningunha actuación que constitúa legalmente acto administrativo por canto tales actos administrativos son competencia exclusiva dos correspondentes órganos do Concello, así como a resolución de cantos recursos e reclamacións deban acordar estes, todo elo sen prexuízo das actuacións de colaboración contratadas coa empresa adxudicataria.

2º.- Levanza e custodia dos rexistros informáticos e de toda a documentación obrante nos expedientes ó seu cargo, baixo a súa completa responsabilidade.

3º.- Subministro puntual, nos meses de xaneiro de cada exercicio económico, dos datos e soportes necesarios para a elaboración da conta de xestión recadatoria, así como as informacións necesarias que ó respecto sexan requiridas pola Tesourería Municipal.

4º.- En caso de rescisión, resolución ou finalización do contrato, a empresa adxudicataria facilitará os datos no formato que lle sexa requirido polo Concello, e colaborará activamente na migración de datos.

A citada migración deberá estar sustentada nun plan de actuación no que se fixen os procedementos e datas de intercambio de datos, de xeito que se asegure a continuidade do procedemento recadatorio pola nova empresa adxudicataria. O dito plan deberá estar informado favorablemente pola Tesoureira Municipal.

5º.- Ser correcto nas relacións co público, coidando baixo a súa responsabilidade que esta norma sexa observada polo persoal ó seu cargo.

6º.- Mantemento e desenvolvemento do programa informático que aporte para prestar o servizo á súa costa, introducindo nel, con carácter obrigatorio, aquelas modificacións puntuais que propoña o responsable do servizo nun prazo máximo de TRINTA DIAS.

7º.- A empresa adxudicataria deberá colaborar co Concello de Ames na depuración dos datos dos censos, padróns e listados cobratorios dos que teña coñecemento con motivo das actuacións de recadación, emitindo informes con proposta a tal efecto.

8º.- Evitar a prescrición de dereitos, sendo responsable ante o Concello do prexuízo económico que supoñan estas por causas imputables a súa propia actuación.

9º.- Manter abertas ó público as oficinas de atención recadatoria en xornada laboral que se fixe polo Alcalde a proposta da Tesourería.

10º.-O contratista está obrigado a executar directamente o servizo, sen que poida cedelo nen concertalo con terceiros en todo ou en parte, sen a previa e expresa autorización da Administración Municipal. Así mesmo deberá absterse de realizar ningún tipo de servizo relacionado cos servizos e competencias municipais alleo ó contrato, excepto que llo requira o Concello de Ames.

11º.- O adxudicatario queda suxeito ó resarcimento dos danos que causare a terceiros e ó Concello como consecuencia das operacións que requiran a execución dos servizos, así como os producidos por incumprimento das súas obrigas, nos termos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público. A tal fin, aportará copia dunha póliza de seguro a este fin, por importe de 300.506 €, e xustificante do pagamento desta, que cubra os riscos inherentes ó contrato e en especial á responsabilidade civil en que poida incorrer polos danos causados a terceiras persoas e derivados de actos do persoal do adxudicatario, dos seus empregados e dependentes permanentes ou ocasionais, da maquinaria e equipo. Este seguro de responsabilidade pode ser o xa presentado na documentación administrativa para xustificar a solvencia económica.

15º.- Notificar, no prazo de quince días, as incapacidades ou incompatibilidades que puideran sobrevir á empresa ou a algún membro do seu persoal.

16º.- Subrogarse nas relacións laborais dos traballadores que prestan actualmente o servizo, por imposición do concello, ao concorrer circunstancias que provocan un beneficio para os intereses municipais, de acordo cas condicións que figuran como anexo 1 a este prego.

17º.- Manter, polo menos, o mesmo número de empregados, e coa mesma cualificación, que o previsto nos pregos, e o mellorado na súa oferta. Cando se produza a substitución de persoal, serao en todo caso por outro de igual ou superior titulación e cualificación, e previa notificación ó Concello.

18º.- Pagar tódolos gastos e tributos (taxas, contribucións e impostos), estatais, autonómicos e locais, que se orixinen a consecuencia da licitación e do contrato, entre outros, a título enunciativo, os causados por anuncios, na prensa diaria e nos Boletíns Oficiais e, no seu caso, no D.O.C.E., constitución de fianzas e formalización do contrato en escritura pública coas súas copias.

19º.- Cumprir o establecido nas disposicións vixentes en materia de relacións laborais, seguridade social e seguridade e hixiene no traballo e, en especial, o disposto no Estatuto dos Traballadores, Lei Xeral da Seguridade Social, cubrindo as continxencias de accidentes de traballo e enfermidade profesional do persoal ó seu servizo e todos aqueles apartados esixibles sobre seguridade e saúde no traballo.

20º.- Se o Concello de Ames fose sancionado polas autoridades competentes polas infraccións que o contratista, ou o seu persoal cometese en materia de protección de datos, o contratista deberá reintegrar ó Concello o importe das cantidades que esta abonara, máis os intereses legais de demora que, no seu caso, se produciran a partir da data en que vencera o prazo para o reintegro daquelas cantidades, sen prexuízo de que o contratista o repercuta, cando legalmente proceda, contra o traballador/a ó seu cargo causante da infracción

26.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN

Corresponde aos técnicos municipais a facultade de inspeccionar e vixiar o correcto cumprimento do contrato.

Así mesmo os ditos técnicos poderán dirixir instrucións ao contratista para o axeitado cumprimento do contrato.

27.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o cumprimento
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso se dará audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

28.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO

O adxudicatario non poderá ceder os dereitos dimanantes do contrato de servizos, ou subcontratar unidades sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación.

29.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

1- O incumprimento dos servizos de colaboración e obrigas determinados no presente prego de condicións poderá ser sancionado polo órgano competente cunha sanción de ata 600,00 €, en caso de infraccións leves e con sanción de ata 3.000,00 € si se trata de infraccións graves e con sanción de ata 9.000,00 € ou a rescisión do contrato tratándose de infraccións moi graves.

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, que será inmediatamente executivo, e se farán efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

2.- Son infraccións leves:

2.1.- Os retardos superiores a 1 mes na contabilización dos asentos e apuntes correspondentes nos libros e rexistros establecidos que non ocasionen prexuízos económicos.

2.2.- Retardos e demoras inxustificadas no cumprimento dos prazos de subministro de datos para a rendición de contas que non ocasionen prexuízos económicos.

2.3.- Incorreccións nas relacións co público ou co persoal do Concello por parte do adxudicatario ou do persoal ao seu cargo.

2.4.- Peche inxustificado das dependencias de atención ao público durante a xornada establecida, sen que medie autorización do Concello.

2.5.- Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do servizo que se diten para a eficaz e normal prestación deste.

2.6.- Incumprimento da obriga de mantemento e decoro das dependencias ao seu

cargo.

2.7.- Calquera outra falta de natureza análoga ás anteriores e que non estea especificamente cualificada como falta grave.

3.- Son infraccións graves:

3.1.- Neglixencia no manexo e custodia dos valores e documentos entregados para a realización das funcións obxecto de contratación.

3.2.- Exacción de costas e gastos aos contribuíntes que no están debidamente autorizadas e xustificadas.

3.3.- Omisión no cumprimento das obrigas na liquidación de valores.

3.4.- Desobediencia grave das ordes que emanen dos órganos competentes e que se diten para a máis correcta e eficaz prestación dos servizos.

3.5.- Interrupción continuada na prestación do servizo por un período de dous días sen causa xustificada.

3.6.- Percepción ou intento de cobro de cotas cuxa baixa administrativa se lle comunicara.

3.7.- Incorrer en falta leve máis de tres veces no prazo dun ano contado desde a comisión da primeira delas.

4.- Son infraccións moi graves

4.1.- Condonar ou deixar de cobrar, sen autorización municipal, cantidades da débeda tributaria.

4.2.- Calquera actuación negligente que prexudique notoriamente os intereses municipais.

4.3.- A prescrición de valores ao seu cargo, por negligencias imputables á empresa adxudicataria sen prexuízo da esixencia de reintegro se procede.

4.4.- Cesión ou subrogación total ou parcial dos servizos con terceiros sen a previa autorización do Concello.

4.5.- Incumprimento das obrigas de contratación do persoal, do tipo de contrato a realizar co mesmo e as obrigas ca Seguridade Social.

4.6.- O emprego da información facilitada á empresa para finalidades distintas ás previstas no contrato.

4.7.- A inadecuada, insatisfactoria ou deficiente xestión tributaria ou recadadora, defectuoso desenvolvemento das dilixencias, trámites e actuacións materiais das mesmas levadas a cabo pola empresa, a inobservancia pola empresa das instrucións dos funcionarios competentes do Concello de Ames e, en xeral, aquelas irregularidades ou anomalías que, sendo advertidas fehacemente por escrito polos funcionarios competentes, sexan inatendidas, incumplidas ou ignoradas pola empresa adxudicataria.

4.8.- Situar os fondos recadados en contas distintas ás designadas polo Concello.

4.9.- A comisión de tres ou máis faltas graves de igual o distinta natureza no mesmo ano.

4.10.- Calquera actuación negligente que prexudique notoriamente os intereses municipais.

5.- Se a infracción polo adxudicatario das obrigas impostas puxera en perigo a boa prestación do servizo ou consistira na desobediencia ás ordes do Concello, poderá a Corporación declarar a suspensión inmediata ou a resolución deste contrato sen indemnización algunha para o adxudicatario, nos termos previstos na lexislación aplicable na materia.

6.- As sancións e penalidades referidas nos apartados anteriores non exclúen o dereito a indemnización que o Concello teña polos danos e prexuízos que o incumprimento do contratista lle puidera ocasionar.

30.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son as previstas no artigo 214 do TRLCAP. Cando o contrato se resolva por causa imputable ao contratista seralle incautada a fianza e deberá indemnizar ao Concello polos danos e perdas ocasionados na contía que excedan daquela.

31.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O presente contrato ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas contidas no presente prego, no prego de prescricións técnicas.

Os pregos citados teñen carácter contractual, e para todo o non previsto neles aplicarase o disposto na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da dita xurisdición, logo de interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

32.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estritas necesidades desta (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal).

A entidade adxudicataria firmará co concello un contrato de encargo, que conteña os requisitos sinalados no artigo 12 e concorrentes da LOPD, ao ter a adxudicataria unha relación de encargo de tratamento, na que o Concello é responsable dos seus propios ficheiros.

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, fitas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberá cumprir co deber de segredo ou confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a súa execución, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo contractual (art. 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopen en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estarlo durante a súa vixencia. Para os efectos do cumprimento do recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar o seu persoal das obrigas que dimanán do establecido nestas normas.

Anexo I

categoria profesional	Antigüidade	Tipo contrato	Retribución anual
Titulado medio	05/02/01	indefinido	27.441,70 € (1)
aux. administrativo	24/09/09	Indefinido	14.270,56 €

(1) Engadida a retribución variable nos seus niveis máximos

ANEXO II.- Documento a incorporar en Sobre A

Modelo declaración responsable para licitar:

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración
2. Que en relación co expediente cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos
3. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

ANEXO III

Modelo de Proposición técnica e económica

“Don [.../...] con D.N.I. Núm. [.../...], maior de idade e con domicilio en [.../...] R/ [.../...]. Teléfono [.../...] actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), manifesta que, enterado do anuncio publicado

no....., de data [.../...] coñecedor e conforme con todos os requisitos e condicións que se esixen para adxudicar o contrato “**COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña**” así como co Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación e na representación que ostenta, comprométese:

1º. Que ofrece o seguinte prezo:

a) servizo de colaboración na inspección _____(sen IVE) da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza.

Definicións e aclaracións:

1.- Por débeda descuberta entendese a totalidade das obrigas tributarias principais liquidadas ao contribuínte, con inclusión dos xuros de demora pola regularización dos atrasos e do importe da sanción que se lle impoña no correspondente procedemento separado e excluídos os recargos, xuros e costas do procedemento de prema. Esta obriga tributaria principal liquidada terá o seu orixe na instrución dos expedientes de inspección, comprobación e investigación, e sancionadores derivados da execución deste contrato

2.- Por débeda descuberta ingresada entendese a cantidade ingresada efectivamente na tesourería municipal, aínda que este ingreso se producise posteriormente á finalización do período voluntario de pago, e incluso con posterioridade á finalización do contrato, sempre que as actuacións correspondentes ao procedemento de inspección realizáranse dentro do prazo de execución do contrato. No importe de débeda descuberta e ingresada non se incluírán as recargas do período executivo, nin os xuros que se devenguen en dito período executivo, nin as costas do procedemento.

3.- Para que se devengue a remuneración a favor do contratista no caso de liquidacións aprobadas e ingresadas, derivadas da instrución dos expedientes de inspección, comprobación e investigación, e sancionadores derivados da execución deste contrato, que non tivesen adquirido firmeza por seren recorridas en vía administrativa ou xudicial, será preciso que se teña producido a resolución dos recursos.

b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato:
_____ €/ ano (sen IVE)

2º. Mais persoal presencial na/s oficina/s para prestar o servizo de asistencia e colaboración ás funcións de xestión tributaria, censual e recadatoria, así como de xestión e mantemento catastral

_____ (nº de medias xornadas ofertadas) de persoal técnico (5 puntos cada media xornada)

_____ (nº de medias xornadas ofertadas) de persoal para tarefas administrativas(1 puntos cada media xornada)

(as ofertas de persoal a xornada completa puntúan como 2 medias xornadas)

3º.- Oferta as seguintes melloras:

Compromiso a prestar asistencia letrada en xuízo, mediante defensa e representación, por recursos derivados de expedientes tramitados neste contrato, sen límite temporal en canto a súa sustanciación, esto é con independencia de que a duración de execución do contrato teña rematado

Asesoramento gratuito un ano dende a data de finalización do contrato ao departamento de tesourería.

(marca cunha cruz as que se ofrezcan)

3.- Que coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas aprobados polo Concello, e os seus respectivos anexos que van rexer este contrato, e o resto de documentación contractual, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen ningunha salvedade.

Lugar, data, sinatura e selo”